

Xornada de promoción e comercialización das producións CÁRNICA E SILVÍCOLA

27-28 decembro 2021 




Coma outras actividades de promoción de carácter periódico o [Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia \(C.R.A.E.GA.\)](#) quere enfocarse nesta ocasión en dúas producións: cárnica e silvícola.

O obxectivo é dar a coñecer ao **consumidor final** da nosa comunidade, as características destes dous sectores en Galicia, e tamén fóra dela para poder confrontar modelos.

Os relatorios, emitidos pola [canle de YouTube do C.R.A.E.GA.](#) en vivo, amosarán, en base a experiencias, como son os sectores da carne e silvícola a nivel de produción, como é a realidade de sacar estas producións adiante, e tamén a nivel de comercialización, amosando como saen ao mercado e cales son as canles de venda.

Tamén se introducirá o ámbito normativo europeo, así como a estratexia da Comisión Europea, a situación actual e futura da agricultura ecolóxica.





RELATORES


27dec



Diego Canga Fano

Coñecedor das institucións europeas nas que traballa dende principios dos 90. É **Conselleiro principal da Comisión Europea**, na **Dirección Xeral de Agricultura e Medio Rural**.


Analizará o Plan de Acción para a Produción Ecolóxica así como a Estratexia da Granxa á Mesa, ambos da Comisión Europea.



Jon Garai


Coordinador de **Asociación Ekoalde Elkarte**, agrupación de produtores e elaboradores ecolóxicos de Navarra. Contan con todo tipo de produtos á venda. Os seus asociados obteñen un prezo xusto pola venda aos clientes, aos que lles chegan os produtos coa distribución e loxística que realizan dende Noáin.


Amosarán o exemplo da produción e comercialización no seu territorio.



Isabel Gómez Rodríguez

Xerente de **Traloagro S.L.** (Friol, Lugo), contará a súa experiencia de empresa familiar que produce actualmente carne de vacún e polo en ecolóxico, e que vende dende a sala de despece e tenda supermercado de Friol, así como dende a Praza de Abastos en Lugo.





RELATORES


28dec



Jean Luc Bellat

Consultor en **JLB Consulting** no ámbito agroalimentario, especialista no mundo da castaña e **xerente** en **Decorin Sàrl**. Traballa en diferentes países, cunha produción da castaña centrada no mercado francés.

Ensinaranos como funciona en Francia o mercado da castaña, escaso en canto a produción pero cunha venda moi dinámica e de gran volume.



Rubén Fernández

Conselleiro delegado da empresa familiar fonsagradina **Casa Castelao S.L.**, fundada en 1999 con produción galega de porco celta e ecolóxico de carnes e derivados de porco (xamón, lacón, chourizos...), á que tamén lle suman a liña tradicional de produtos, cos que conforman un catálogo do máis completo.

Contará a súa experiencia e visión do sector porcino ecolóxico, pois Casa Castelao traballa o mercado español e o estranxeiro.



Maite Bruzos

Responsable de Calidade en **Pazo de Lusío S.L.**, empresa apícola familiar, con orixe en Samos, e que dende Bóveda realizan todo o proceso do mel ecolóxico recollido en diferentes concellos de montaña de Galicia, e que venden aquí e mesmo internacionalmente.

Amosará como evolucionou a empresa, cales son as dificultades desta produción e como están a vender en diferentes mercados.



PROGRAMA

Desenvolvemento

Por cuestións sanitarias relacionadas co COVID-19 escolleuse a celebración online do evento, que en anteriores ocasións o C.R.A.E.GA. celebraba presencialmente.

As xornadas, repartidas entre os días 27 e 28 de decembro de 2021, por espazo de 2 horas por xornada, será emitida por YouTube en directo, na [canle do CRAEGA](#).

Os relatores participarán individualmente e uns a continuación dos outros, deixando os últimos 10 minutos, aproximadamente, para preguntas dos espectadores.

Contará con conexións tanto de benvida como de despedida.



Desenvolvemento da Xornada 27 decembro



Benvida e inauguración

José Luis Cabarcos, director de AGACAL
(Consellería do Medio Rural – Xunta de Galicia)

10:25 h.



Jon Garai

EKOALDE: centro de xestión integral agroecolóxica
como aportación ó sistema alimentario en Navarra

11:10 h.



Despedida

12:30 h.



Diego Canga

PAC, “Da Granxa á Mesa” e “Plan europeo de Acción
para a Producción Ecolóxica

10:30 h.



Isabel Gómez

Traloagro, diversificación da empresa familiar

11:50 h.

Desenvolvemento da Xornada 28 decembro



Benvida


10:25 h.



Rubén Fernández

Casa Castelao, o sector porcino en ecolóxico

11:10 h.



Clausura

Rocío Freire.

Vicepresidenta do C.R.A.E.GA.

12:30 h.



Jean Luc Bellat

O mundo da castaña en Francia

10:30 h.



Maite Bruzos

Pazo de Lusio. A evolución dunha empresa convencional a ecolóxico

11:50 h.